



galería de arte
LUISA PITA

latexo do labirinto

antón patiño

Santiago de Compostela. 12 de marzo – 30 de abril
R/ Cardeal Payá, 9 baixo

LATEXO DO LABIRINTO. 12 MARZO – 30 ABRIL

GALERÍA DE ARTE LUISA PITA. C/ Cardenal Payá, 9. 15703 Santiago de Compostela – A Coruña

Poética do **Ser** sen fin

Xesto, liña, materia, sedimento, caligrafía, xogo, contorsión, mancha, corpo, desequilibrio, pracer, vertixe, nervio, mito, orixe, e dende a orixe ata aquí todo Poética. Así é como se presenta Antón Patiño (Monforte de Lemos, 1957) nesta **Latexo do labirinto**, a lombos desa poética tan persoal que fai del un dos máximos expoñentes das artes da Galicia contemporánea.

Umberto Eco en *Ópera Aperta* fala da poética como “o programa operativo que unha e outra vez se propón o artista, o proxecto da obra a realizar como o entende explícita ou implicitamente”. No caso de Antón a súa poética é o resultado da dilatada traxectoria do ensaísta, do pintor...do artista, que depura linguaxe e xesto ao longo de máis de 40 anos e que é capaz de manter o seu discurso vivo, latexando. Candente.

Deste xeito o labirinto preséntasenos, nesta ocasión, a traveso dun fato de obras ben escollidas que definen discurso, pero que a un tempo enchen o ollo do espectador atraéndoo irremediabilmente ao universo visual e conceptual do artista. Se formas parte da tribo achegaraste a exposición consciente de cada emblema, de cada símbolo, namorada da súa arqueoloxía xestual. Se non formas parte dela, sen presa, tomarás o *camiño do río* e rematarás namorado da tensión, do xogo, da vertixe a que Patiño nos expón con cada unha das súas pezas.

A exposición constrúese con traballos recollidos de diferentes series, agasallándonos coa oportunidade de transitar pola exuberante riqueza do seu discurso, un inxente exercicio metalingüístico co que o pintor consegue relacionar o seu universo onírico coa corporeidade do lenzo. A orixe está no soño máis os seus traballos son o resultado dunha implacable vixilia, obstinada na análise e refinamento da súa propia esencia como artista e pensador.

Para Patiño o exercicio pictórico é un continuo entre creador e espectador, e o cadro é ese horizonte de oportunidade onde as cousas acontecen dun xeito plausible, físico. Aí, experimentase coa técnica, co ritmo e a cor, facendo pendular memoria, espazo e tempo dun modo maxistral, expansión incombustible de impulsos expresivos que dan fe do magnífico corpus simbólico e caligráfico do artista.

Nos seus traballos fai gala dunha increíble capacidade de xestión do espazo dentro do lenzo. O debuxo marca a pauta máis non é un ditador implacable e dende a liña desenvólvense sinerxías entre silencios, manchas, fluídos, cores, emblemas e símbolos. O espacial toma a horizontalidade, mentres que o devir, a gravidade e o tempo flúen verticalmente. Existe unha vibrante pluridimensionalidade en cada un dos seus cadros, tratando de argallar ese recinto no que expresar emocións. Todo ten un porqué na semiótica de Antón Patiño e múltiples lecturas no espazo-tempo de cada espectador.

Dentro do contexto abstracto da súa obra a icona resulta capital cara a conformar o seu ideario visual. E dentro dese caosmos o *Pesanervios* ten un papel protagónico na súa linguaxe estética. É un *Pesanervios* o que nos recibe en **Latexo do Labirinto**, electrizante e rizomático, escuálido e especular. Misteriosa presenza que nos invita a explorar a cartografía sensorial deseñada polo artista coas súas obras dentro da exposición.

Pezas onde o ritmo ven marcado por un xesto impetuoso, no que a pulsión xera novos contextos, atmosferas nas que a imaxe funciona como unha amálgama ao fusionar os distintos elementos de cada peza. Emblemas como os Labirintos, cruces, tes invertidas, rostros ou símbolos matemáticos, dan lugar a unha sorte de combinatoria no que o científico e o atávico tómanse da man.

Máis no expresivo isto non é todo o que Patiño nos ofrece nos seus traballos. Neles existe unha vibrante compoñente máterica, que xurde grazas a un impulsivo uso do xesto e da cor. Neste senso é moi interesante como utiliza o verniz xerando procesos líquidos, que xunto co arrastre de material, texturiza organicamente o plano pictórico dotándoo dunha fisicidade extraordinaria.

Latexo do Labirinto supón unha gran oportunidade de mergullarse na obra de Antón Patiño, de achegarse ao seu discurso e perdernos na cartografía sensorial e emocional coa que nos agasalla unha vez máis. Desfrutémola.

Íñigo Rodríguez Román

Poética del **Ser** sin Límites

Gesto, línea, materia, sedimento, caligrafía, juego, contorsión, mancha, cuerpo, desequilibrio, placer, vértigo, nervio, mito, origen, y desde el origen hasta aquí todo Poética. Así es cómo se presenta Antón Patiño (Monforte de Lemos, 1957) en esta **Latexo do Labirinto**, a lomos de esa poética tan personal que hace de él uno de los máximos exponentes del arte contemporáneo gallego.

Umberto Eco en *Opera Aperta* habla de la poética como “el programa operativo que una y otra vez se propone el artista, el proyecto de la obra a realizar cómo lo entiende explícita o implícitamente”. En el caso de Antón su poética es el resultado de la dilatada trayectoria del ensayista, del pintor...del artista, que depura lenguaje y gesto a lo largo de más de 40 años y que es capaz de mantener su discurso vivo, latiendo. Candente.

De este modo el laberinto se nos presenta, en esta ocasión, a través de un grupo de obras bien escogidas que definen discurso, pero que también llenan el ojo del espectador atrayéndolo irremediabilmente al universo visual y conceptual del artista. Si formas parte de la tribu te acercarás a la exposición consciente de cada emblema, de cada símbolo, enamorada de su arqueología gestual. Si no formas parte de ella, sin prisa, tomarás el camino del río y finalizarás enamorado de la tensión, del juego, del vértigo al que Patiño nos expone con cada una de sus piezas.

La exposición se construye con trabajos recogidos de diferentes series, agasajándonos con la oportunidad de transitar por la exuberante riqueza de su discurso, un ingente ejercicio metalingüístico con el que el pintor consigue relacionar su universo onírico con la corporeidad del lienzo. El origen está en el sueño más sus trabajos son el resultado de una implacable vigilia, obstinada en el análisis y refinamiento de su propia esencia como artista y pensador.

Para Patiño el ejercicio pictórico es un continuo entre creador y espectador, y el cuadro es ese horizonte de oportunidad donde las cosas acontecen de una manera plausible, física. Ahí, se experimenta con la técnica, con el ritmo y el color, haciendo pendular memoria, espacio y tiempo de un modo magistral, expansión incombustible de impulsos expresivos que dan fe del magnífico corpus simbólico y caligráfico del artista.

En sus trabajos hace gala de una increíble capacidad de gestión del espacio dentro del lienzo. El dibujo marca la pauta sin ser un dictador implacable y desde la línea se desarrollan sinergias entre silencios, manchas, fluidos, colores, emblemas y símbolos. Lo espacial toma la horizontalidad, mientras que el devenir, la gravedad y el tiempo fluyen verticalmente. Existe una vibrantepluridimensionalidad en cada uno de sus cuadros, tratando de construir recintos en los que expresar emociones. Todo tiene un

porqué en la semiótica de Antón Patiño y múltiples lecturas en el espacio-tiempo de cada espectador.

Dentro del contexto abstracto de su obra el icono resulta capital para conformar su ideario visual. Y dentro de ese caosmos el Pesanervios tiene un papel protagónico en su lenguaje estético. Es un Pesanervios lo que nos recibe en **Latexo do Labirinto**, electrizante y rizomático, escuálido y especular. Misteriosa presencia que nos invita a explorar la cartografía sensorial diseñada por el artista con sus obras dentro de la exposición.

Piezas donde el ritmo viene marcado por un gesto impetuoso, en el que la pulsión genera nuevos contextos, atmósferas en las que la imagen funciona como una amalgama fusionando los distintos elementos de cada pieza. Emblemas como los Laberintos, cruces, tes invertidas, rostros o símbolos matemáticos, dan lugar a una suerte de combinatoria en el que lo científico y lo atávico se toman de la mano.

No decaigamos. En lo expresivo esto no es todo lo que Patiño nos ofrece en sus trabajos. En ellos existe una vibrante componentemática, que surge gracias a un impulsivo uso del gesto y del color. En este sentido es muy interesante como utiliza el barniz generando procesos líquidos, que junto con el arrastre de material, texturiza orgánicamente el plano pictórico dotándolo de una fisicidad extraordinaria.

Íñigo Rodríguez Román



Rostro-labirinto
(Díptico)
116 x 180 cm
2020
Pintura/tea



Espazo ingrávigo
(Díptico)
178 x 116 cm
2015
Pintura/tea



Espazo acuático
116 x 89 cm
2015
Pintura/tea



Recorrido simbólico
114 x 146 cm
2018
Pintura/tea



Pesanervios
146 x 114 cm
1999
Pintura/tea



Azul-infinito
(Díptico)
37 x 55 cm
2018
Pintura/tea



Socalcos
(Díptico)
60 x 70 cm
2021
Pintura/tea



Verde
(Díptico)
30 x 49 cm
2020
Pintura/tea



Círculo
40 cm diámetro
2017
Pintura/tea



Círculo
40 cm diámetro
2017
Pintura/tea



Círculo
40 cm diámetro
2017
Pintura/tea



Círculo
40 cm diámetro
2017
Pintura/tea



Círculo
40 cm diámetro
2017
Pintura/tea



Círculo
40 cm diámetro
2017
Pintura/tea



Rostro
(Díptico)
50 x 100 cm
1997
Pintura/tea



Ciclistas
50 x 50 cm
2000
Pintura/tea



Recorrido
70 x 70 cm.
2017
Pintura/tea



Dorna
(Díptico)
50 x 100 cm
1990
Pintura/tea



Marea negra
50 x 50 cm
1989
Pintura/tea



Estratos do labirinto
(Díptico)
37 x 55 cm
2021
Pintura/tea